

## PEZA DO MES

outubro

2003



## CRUCIFIXIÓN

ATRIBUÍDA A AMBROSIUS BENSON  
PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XVI  
ÓLEO SOBRE TÁBOA  
47 x 32,5 CM  
Nº Inv. 149

A CRUCIFIXIÓN, ATRIBUÍDA O PINTOR FLAMENGO DE ORIXE LOMBARDA AMBROSIUS BENSON, RESPONDE Ó QUE SE CONSIDERA COMO CADRO DE DEVOCIÓN, CONCIBIDO PARA A MEDITACIÓN PRIVADA, ENMARCÁNDOSE NO CONTEXTO DA NOVA CORRENTE ESPIRITUAL INDIVIDUALISTA E EMOTIVA QUE XORDE NOS PAÍSES BAIXOS E AXIÑA SE DIFUNDE POR TODA EUROPA.





CRUCIFIXIÓN DE ADRIAEN ISENBRAENT, IGREXA DE SAN LESMES. BURGOS

## CRUCIFIXIÓN

Xunto ós monumentais retablos con grandes paneis pintados, destinados a igrexas e mosteiros, a proliferación de imaxes devocionais en gravados e pequenas táboas pintadas, díp-ticos, trípticos e polípticos con escenas evan-xélicas referidas fundamentalmente os ciclos do Nacemento e a Paixón de Cristo, responde a un novo concepto de *devotio* que xorde nos Países Baixos a finais do século XV e axiña se difunde por toda Europa. Estas obras de devoción tratan de estimular a oración e unha intensa implicación emocional do fiel, mediante a detallada representación artística da narrativa relixiosa. Paralelamente e coa mesma intención xurdirán numerosos tratados cristo-céntricos que describen de modo expresivo e minucioso os distintos episodios do Evanxeo, invitando á meditación nun ámbito persoal e individualista.

Esta natureza íntima ou privada das prácticas relixiosas condicionarán as reducidas dimen-sións das obras destinadas ao servizo das devocións particulares en capelas privadas e oratorios domésticos. Na súa maior parte, trátase de pezas importadas de Flandres ou realizadas por mestres flamengos establecidos

no noso país; a través dunhas e doutros espa-llarase a linguaxe artística flamenga, que terá unha decisiva influencia nas escolas locais.

A este contexto repóndese a táboa que, co tema da Crucifixión, ingresou no museo ourensán en 1943 como donativo do daquela director don Xesús Ferro Couselo, constando como procedente do Colexio das Madres Carmelitas de Ourense, sen que saibamos cal sería o destino inicial da peza. En 1970 foi dada a coñecer pola profesora dona Elisa Bermejo como obra atribuíble ó pintor flamengo de orixe lombarda Ambrosius Benson (†Bruxas 1550). Artista de personalidade máis receptiva que creadora, permanece a maior parte da súa vida activo en Bruxas, onde se documenta dende 1519. Se lle supón unha aprendizaxe ou estaba no obradoiro de Gerard David, asi-milando o estilo do mestre, aínda que a súa inicial formación italiana dotará a súa produción dun carácter máis clásico que o que anima os pintores flamengos do seu tempo.

O catálogo de obras de Benson conservadas en España é significativamente abundante, aumentando as atribucións ó longo dos anos, en claro contraste coa escaseza de pinturas da súa autoría presentes en Bélxica. Algúns autores pensaron, aínda que con claras reser-vas nunha posible estadía do pintor no noso país. Sen embargo, a maioría de estudosos explican tal feito na posibilidade de que gran parte da súa produción fose destinada á exportación cara a España, algo que por outra parte era práctica habitual nos obradoiros das cidades comerciais de Bruxas e Amberes. Lembremos que nesta época os Países Baixos son posesión da coroa española, sendo as relacións comerciais continuas e intensas, actuando os mercadores españois de intermediarios nos encargos de obras de arte procedentes dos mecenas hispanos. Sábese que Benson mantivo un estreito con-tacto coa colonia de mercadores españois instalados en Bruxas. Un dato curioso neste sentido: en 1533 o pintor comprou unha casa ao mercador Lucas de Castro, pagándolle a metade do valor con oito cadros. Ademais un dos mercados máis importantes de arte fla-mengo desenvolveuse na propia España, nas feiras anuais de Medina del Campo.

O feito indubidable é que as máis relevantes pinturas debidas á man de Ambrosius Benson se encontran en España, singularmente na provincia de Segovia, onde o marqués de Lozoya constatou que familias nobres como os Del Campo ou os Arias Dávila foron seus clientes, seguindo a tradición castelá de relacións co mundo do Norte de Europa no horizonte renacente da primeira metade do século XVI.

Neste panorama preséntasenos tamén a obra doutro pintor da escola de Bruxas, ligado así mesmo ao obradoiro de Gerard David, Adriaen Isenbrandt, autor dunhas pezas que teñen moitos puntos coincidentes coas de Benson, ata o punto de que durante moito tempo permaneceu sen delimitar a produción de un e outro, atribuíndose durante anos a un anónimo autor ó que se denominou “Mestre de Segovia”.

A Crucifixión do museo ourensán, realizada a óleo sobre táboa, presenta a Cristo crucificado, de fronte ó espectador, cravado á cruz con tres cravos, coas pernas dispostas completamente rectas, e coa cabeza, coroada de espiñas, inclinada sobre o ombro dereito. Segundo Elisa Bermejo, a figura da Madalena, que aparece axeonllada e abrazada ó pé da cruz, aludindo así á redención do pecado, é a imaxe máis interesante e responde a un tipo feminino moi característico de Benson. Ós lados sitúanse a Virxe e San Xoán. A Nai de Deus en actitude de recollemento, sobriamente dolorosa, vai ataviada con touca branca e túnica e manto oscuros, e coa cabeza baixa. As figuras, de suave modelado e contornos imprecisos, impóñense solemnes nun emprazamento rochoso que ten como fondo os edificios, de liñas xeométricas moi definidas, da cidade de Xerusalén e unha ampla celaxe no momento do ocaso. Na peza acúsanse as características persoais do pintor, como son as mans de dedos longos, coas articulacións medias acusadas.

O indiscutible parecido que garda esta táboa con outra do mesmo tema de Adriaen Isenbrant que se conserva na igrexa de San Lesmes en Burgos, fálanos dos coñecidos vínculos entre ambos artistas. A gran similitude, sobre a que xa chamou a atención a profesora Bermejo, é total na figura de San Xoán, tanto



DETALLE.

na postura como na colocación do manto, de intensa cor vermella, co característico pico colgando ata rozar o chan.

O cadro, non se encontra, certamente, entre as obras de Benson de maior calidade, ademais, advírtense diversos repintes na táboa, polo que quizás conviría unha análise e un máis pormenorizado estudo que poda determinar o que queda de orixinal na mesma.





## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

### PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-924-2003

